

## **BASES**

### **I CONCURSO DE CONTOS 2015**

#### **CONCELLO DE COVELO**

##### **Obxecto e ámbito de aplicación.**

1. O obxectivo fundamental é fomentar o gusto pola lectura, reforzar as destrezas da comprensión lectora e a expresión escrita, o desenvolvemento da creatividade na creación de textos curtos.
2. O concurso terá unha temática libre, pero si se lle dará mais puntuación os contos que realcen os valores, tales como o respecto, os dereitos dos menores, a violencia de xénero, a conservación do medio ambiente, etc. Tamén se terá en conta outros valores, que se especifican no apartado 6.

##### **Participantes.**

3. Poderán participar todas as alumnas e alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria, e de Educación Secundaria Obrigatoria.
4. Serán entregados en Servizos Sociais deste Concello ou na Biblioteca Pública deste Concello, sen nome, nin firma, e sen ningún tipo de documentación nun sobre pechado indicando a categoría, si é de primaria ou da ESO. Se lles dará un número de rexistro, que será xustificante da entrega, e será igual o que se grampe ao conto, NON PERDELO, xa que sen ese número non se podería entregar o premio.

##### **Selección e formato dos traballos presentados.**

5. Estableceranse dúas categorías:
  - Nenas e nenos de 5º e 6º de primaria.
  - Nenas e nenos da E.S.O.
6. Os participantes deberán presentar un conto orixinal e inédito, escrito en galego, a ordenador de 2 páxinas (máximo), coa letra "Arial 12" e a dobre espazo.
7. O prazo de presentación será a partir do mesmo día da publicación do edicto, e rematará o prazo da presentación de contos o venres 3 de xullo as 14:00h.

### **Modalidades de premios.**

8. Se establecen dúas modalidades de premios:

- Modalidade A: 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> Primaria.
- Modalidade B: Secundaria Obrigatoria.

9. Os premios para as dúas categorías consistente en 2 lotes, un para cada categoría, compostos de:

1. Tablet
2. Funda para tablet
3. Auriculares

10. A entrega de premios, será o día 11 de xullo do 2015 ás 20:30 h., no Auditorio Municipal de Covelo, onde amenizará a xornada unha actuación. O Alcalde de Covelo, fará a entrega dos premios ás rapazas e rapaces gañadores e estes lerán os seus contos. Todos os participantes presentes serán agasallados cun detalle.

11. A entrega do premio se outorgará, so se está presente o neno, salvo enfermidade, que o poderá recoller o seu representante.

12. O Concello de Covelo gardase o dereito de quedarse e utilizar os contos para fins culturais.

### **Xurado.**

13. A composición do xurado será a seguinte:

Para a valoración dos traballos presentados constituirase un xurado que estará formado por un total de cinco membros, que serán: 2 profesionais da docencia, designados pola concelleira de cultura do Concello de Covelo, unha ou dous técnicas do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Covelo, dous concelleir@s do Concello de Covelo.

1. O Director do CEIP Antonio Blanco Rodríguez, ou persoa en quen delegue.
2. O Director do IES de Pontearreas, ou persoa en quen delegue.
3. A Concelleira de Cultura.
4. A Traballadora Social.
5. Educadora Familiar.

#### 14. Criterios de valoración:

O alumnado participante deberá crear un conto, segundo o seu nivel curricular, ~~sobre~~ algún aspecto, personaxe, acontecemento .... relacionado co Concello de Covelo.

| CRITERIOS  | PUNTUACIÓN      |
|--|-----------------|
| Desenvolvemento na historia de valores de respecto, tolerancia, cooperación e atención a diversidade.        | De 1 a 5 puntos |
| Localización e desenvolvemento do conto no Concello de Covelo e relación da historia co patrimonio cultural. | De 1 a 5 puntos |
| Orixinalidade e creatividade na historia.  | De 1 a 5 puntos |
| Respecto ao medio ambiente   | De 1 a 5 puntos |
| Orden e capacidade de razoamento na redacción.   | De 1 a 5 puntos |
| Precisión sintáctica e ortográfica   | De 1 a 5 puntos |

#### **Aceptación das bases.**

15. A participación neste concurso implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.

16. Quedan excluídos deste concurso, os fillos do xurado.

#### **Aplicación presupostaria.**

17. O gasto total máximo en que se valoran esta actividade e de 1.000€, que se imputará a partida presupostaria 334.226,09 do exercicio do 2015.

Covelo, 8 de xuño do 2015.

O ALCALDE



Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo